



## Sábado, 7 de maio. 16h00. A Lisboa máis galega.

Etinerario guiado por algúns dos lugares máis emblemáticos da comunidade galega en Lisboa.

Saída desde a Xuventude de Galicia - Centro Galego de Lisboa. Será conducida polo lector do Centro de Estudos Galegos, Isaac Lourido, que contará con convidados para participar nas tarefas de información de cada espazo visitado.

## ITINERARIO

SAÍDA: Xuventude de Galicia - Centro Galego de Lisboa (16h00)

P1: Rua das Portas de Santo Antão. Restaurantes Solmar e Gambrinus.

P2: Ginjinha, fundada polo galego Francisco Espiñeira, no Largo de São Domingos.

P3: Teatro Dona Maria II. Referencia á actriz Manuela Rey e á personaxe do "galego" no teatro portugués do século XIX

P4: Café Gelo (Praça Do Rossio, aos Restauradores). Núcleo de tertulia literaria en que participou o galego José Carlos González.

P5: Largo do Carmo. Referencia ao capitán de abril Franciso Durán Clemente.

P6: Rua da Rosa, 59. Primeira sede da Xuventude de Galicia.

P7: Bairro da Bica. Espazo de traballo de aguadeiros e asentamento de emigración galega.

P8: Largo do Chiado. Coñecido no século XIX como a "ilha dos galegos".

P9: Livraria Bertrand. Referencia a Manuel Baullosa.

P10: Praça do Rossio, 108. Antiga sede do Restaurante Irmãos Unidos, da familia Guisado. Núcleo do grupo literario "Orpheu".

P11: Rua da Madalena, 259. Antiga sede da Xuventude de Galicia.

P12: Praça Martim Moniz. Negocios de hostalaría e restauración e asentamentos de galegos na Rua da Palma.

P13: Faculdade de Medicina. Referencia ao médico e catedrático Juvenal Álvarez Esteves e á historia de Diogo Alves, tamén coñecido como "o asasino do acueducto das Águas Livres".

P14: Xuventude de Galicia - Centro Galego de Lisboa. Visita breve ao edificio.

***Máis informacións e inscricións na Secretaría do Centro,  
polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)***